

ANEXO 1

Bases do Concurso de Xoves Gaiteiros Solistas Concello do Grove

I CONCURSO DE XOVES GAITEIROS SOLISTAS CONCELLO DO GROVE

BASES:

1. Poderán participar todos os gaiteiros de calquera procedencia da xeografía galega que o desexen acompañados de redobranter.
2. Só se admitirán instrumentos considerados tradicionais galegos. No caso da percusión, admitiranse caixas de corpo metálico e parche de pel.
3. Ningún dos concursantes poderá participar con máis dunha parella.
4. Os concursantes deberán vestir o traxe galego.
5. Establecerase unha soa categoría comprendida entre as idades dos 14 os 25 anos (tanto para o gaiteiro como para o acompañamento) na que participarán un máximo de 15 parellas e un mínimo de 10 parellas, seleccionadas por rigorosa orde de inscrición. A organización informará ás parellas seleccionadas unha vez rematado o prazo de inscrición.
6. As parellas que desexen participar no concurso deberán dirixir, en persoa ou por correo postal, unha folla de inscrición por conxunto perfectamente cuberta ao seguinte enderezo:

CONCELLO DO GROVE
PRAZA DO CORGO, 1
36980 O GROVE
PONTEVEDRA
Tlf.: 986 730 975

A folla de inscrición deberá ir obrigatoriamente acompañada das partituras das pezas a interpretar así coma dun breve currículo dos integrantes do conxunto que non supere as 10 liñas, e copia dos DNI dos dous. En ningún caso serán admitidos os cambios dos datos que aparezan na folla de inscrición ou das pezas a interpretar. O modelo de folla de inscrición estará á disposición dos interesados na páxina web do Concello do Grove: www.concellodogrove.com

7. O prazo de inscrición remata o 22 de febreiro ás 14:00 horas.
8. O concurso terá lugar na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey o día 3 de marzo de 2013.

9. O concurso dará comezo ás 1800 h. Todas as parellas seleccionadas deberán presentarse ao pé do escenario ás 17:00 h para confirmar a súa participación.

10. A orde de actuación será inversa á de inscrición.

11. Os gaiteiros disporán de dúas intervencións de 3:30 min. como máximo e 2:30 como mínimo, nas que executarán pezas libres e tradicionais¹ ou de autor con base tradicional. Cada gaiteiro disporá de 8 minutos como máximo para a interpretación das dúas pezas, afinación no escenario, si a necesitase, cambio de instrumentos etc. Se non cumprirese con estes tempos será penalizado con un punto por cada 20 segundos por riba ou por debaixo do estipulado.

12. Premios:

1.º Premio, dotado con 500 € e trofeo

2.º Premio, dotado con 300 € e trofeo

3.º Premio, dotado con 150 € e trofeo

Premio para o mellor acompañamento, con 50 €

14. Calquera dos premios pode quedar deserto se o xurado así o estima.

15. O xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da música tradicional galega e por un representante do Concello do Grove (con voz, pero sen voto). Os membros do xurado serán os encargados de xulgar as actuacións dos participantes seguindo as indicacións estipuladas nas presentes bases. O xurado terá que escoller os participantes que, ao seu xuízo, sexan os merecedores dos premios que se ofrecen. O xurado poderá descualificar calquera das parellas que incumpra algunha das bases reguladoras deste concurso. Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do xurado. As decisións do xurado serán inapelábeis.

17. O conxunto que resulte gañador repetirá unha das súas intervencións como remate do concurso.

18. As parellas participantes non premiadas percibirán 40 € en concepto de achega para os gastos.

19. A inscrición no concurso implica a total aceptación das bases.

¹ Englobamos neste termo todas as pezas que aparecen nos cancioneros galegos así como as recollidas en traballos de campo a gaiteiros tradicionais galegos até a actualidade, incluídas as que sexan da súa autoría.